

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO
PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O 27 DE FEBREIRO DE 2007.**

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as trece horas do día trece de xuño do ano dous mil sete, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión extraordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Luis Alonso Riego e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- D. Ignacio Saa González.
- D. José Luís Lomba Álvarez, que se incorpora ás 13:04 minutos.
- D. José Vicente Ferreira.
- Dona Teresa de Jesús Cadilla González.
- D. Manuel Alberto Franco Peixoto.
- D. Luís Rodríguez Díaz.
- D. Celso Juan Rodríguez Fariñas.
- Dna. Isabel Lidia González Alonso.
- D. Jose Manuel Domínguez Freitas.
- D. Miguel Angel Español Otero.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D^a Carmen M^a Castro González.
- D^a. M^a Monserrat Magallanes Álvarez.
- D. José Bernardo Cadilla Lomba.
- D. Antonio Lomba Baz.
- D. Xan Lois Lomba Alonso.

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco Glez.- Alegre.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO ÚNICO.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE XESTIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONSIDERANDO que o Pleno do Concello de A Guarda de data 19 de febreiro de 2002 acordou a adxudicación do contrato de concesión para a xestión do servizo público de explotación e mantemento das instalacións deportivas da piscina coberta municipal á empresa TRANSGALAICA, formalizándose o contrato administrativo en data 28 de febreiro de 2002, cunha duración de cinco anos dende esa

data, con posibilidade de prórrogas por períodos anuais, previo acordo expreso das partes.

CONSIDERANDO que o órgano de contratación foi o Pleno da Corporación, corresponde a éste acordar, no seu caso, a prórroga do contrato, e tendo en conta a inminente finalización do mesmo, e a ausencia no Concello de persoal axeitado e suficiente para levar a cabo a xestión do servicio

Proponse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Proceder á prórroga do contrato de concesión para a xestión do servicio público de explotación e mantemento das instalacións deportivas da piscina coberta municipal, en favor da empresa TRANSGALAICA, por prazo dun ano contado a partir da formalización do contrato en documento administrativo, e nas mesmas condicións que as sinaladas nos pregos que rexeron a contratación.

2.- Facultar ó señor Alcalde para a realización dos trámites de formalización da devandita prórroga.

3.- Notificar o presente acordo á empresa TRANSGALAICA

A Guarda , 14 de febreiro de 2007

O Presidente

Asdo. José Luis Alonso Riego”

(Sae o señor Franco Peixoto, 13:03)

(Incorporárase o señor Lomba Alvarez, 13:04).

Intervén o señor Lomba Alonso e di que se trata dun contrato formalizado en febreiro de 2002, queda patente nas actas de entón que o inicio deste contrato non foi moi afortunado, non só porque na sesión plenaria a oposición se retirou do Pleno, senón porque na Mesa de Contratación, os técnicos apoiaban a unha empresa e os políticos a outra.

(Regresa o señor Franco Peixoto, 13:05).

Continúa o señor Lomba Alonso e di que á altura do mes no que estamos, e vendo que o contrato rematá mañán, é unha imprudencia traer o asunto e forzar unha prórroga, sen entrar en se as condicións son ou non idóneas. Debera terse abordado moito antes, cun proceso de contratación pública e aberta. Se van abster, en aras a que o servicio non se perda, esperando que a próxima Corporación se aborde o asunto.

Intervén o señor Español Otero e di que este non é o contrato do GMS, xa non estiveron de acordo a primeira vez, polas condicións do contrato, que non era beneficioso, senón que perxudicaba ó Concello, cun cánon simbólico de un euro. Se naquela era perxudicial ese canon, ó día de hoxe, polo incremento de usuarios, é menos beneficioso. Debera haberse feito un traballo por parte do equipo de goberno, de negociar as condicións, e non traelo así. Vense obrigados a absterse, e se chegan a gobernar no Cncello, tratarán de modificalo, pero queren posibilitar que o servicio non se paralice.

Sometida a votación a proposta, foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Alonso Riego, Saa González, Vicente Ferreira, Lomba Álvarez, Franco Peixoto, Cadilla González e Rodríguez Díaz (sete votos a favor)

ABSTENCIÓNS:Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Lomba Baz, Cadilla Lomba, Castro González, Rodríguez González, Rodríguez Fariñas, González Alonso, e Lomba Alonso (dez abstencións).

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as trece horas e once minutos o Sr. Presidente levanta a sesión , de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Vº e Pr.
O Alcalde-Presidente

A Secretaria

Jose Luis Alonso Riego

Julia Mª Carrasco Glez-Alegre